



CERTAME LITERARIO FRANCISCO LORENZO MARIÑO AGUIÑO, 50 ANOS DE PARROQUIA POESÍA E RELATO CURTO

PRIMEIRA: Poderán participar todas as persoas interesadas, de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en lingua galega. Os textos presentados deberán ser inéditos.

O tema é libre.

SEGUNDA: Establécense as seguintes categorías e premios por idades. Os premios poderán quedar desertos se o xurado estima que non reúnen méritos suficientes:

Categoría A: Persoas de 6 a 15 anos.

Premios: 1º Clasificado por modalidade: Diploma e lote de libros e/ou material didáctico.

Accésit: Diploma.

Posibilidade de publicación das obras galardoadas.

Categoría B: Persoas de 16 anos en diante.

Premios:

1º Clasificado en poesía: 180 € en metálico, diploma e publicación da obra

1º Clasificado en relato: 180 € en metálico, diploma e publicación da obra

Accésit: Diploma e Publicación da obra galardoada.

TERCEIRA: Para a categoría A a extensión será de 20 a 60 versos en poesía e de 1 a 3 folios en relato (admítense ilustracións orixinais). Para a categoría B a extensión será de 100 a 250 versos en poesía e de 5 a 12 A4 en letra Times 12 para relato.

CUARTA: Os traballos presentaranse en sobre pechado, orixinal e tres copias, figurando no seu exterior "Certame Literario Francisco Lorenzo Mariño - Aguiño, 50 anos de Parroquia". No interior achegarase un sobre pequeno, tamén pechado, figurando no exterior o título da obra, a categoría e modalidade na que participa e o lema ou pseudónimo do autor ou autora; e no interior os datos persoais (nome, idade, enderezo, teléfono de contacto, centro de estudos para categoría A, título da obra e lema ou pseudónimo) e fotocopia do DNI. Estes traballos recolleranse nas oficinas do Auditorio Municipal (P/ Mariñeiros, s/n, 15960, Ribeira). Tamén se poden enviar por correo a ACRV Francisco Lorenzo Mariño, R/ Mestre Xosé Sans, nº 21, 15965, Aguiño, Ribeira, A Coruña.

QUINTA: O prazo de presentación rematará o venres 16 de outubro de 2009.

SEXTA: O xurado será nomeado pola asociación entre homes e mulleres da cultura, as artes e as letras galegas; e entre outros, figurará un membro da directiva da entidade. No mes de novembro emitirase a decisión do xurado, que se dará a coñecer aos medios de comunicación e aos premiados. En decembro de 2009 celebrarase o acto de entrega dos premios do Certame e a presentación da publicación das obras galardoadas. A AFLM resérvase os dereitos da primeira edición das obras gañadoras.

SÉTIMA: No transcurso dun mes dende a comunicación da decisión do xurado poderanse retirar os orixinais non premiados, previa identificación do autor ou autora e solicitude por correo electrónico a aflm.aguiño@gmail.com. Transcorrido este prazo serán destruídos. A asociación non manterá correspondencia cos autores ou autoras nin asume responsabilidade pola eventual perda dalgún orixinal.

OITAVA: A decisión do xurado será inapelable, e poderá resolver calquera dúbida sobre as bases do concurso.

NOVENA: A participación no certame implica a aceptación destas bases.

Aguiño, abril de 2009



Colaboran:



CONCELLO DE RIBEIRA

